



Concello de Vigo
Expte. 4425/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 10/2024

SESIÓN ORDINARIA DO 27 DE MAIO DE 2024

ORDE DO DÍA

- Actas anteriores:** Ordinaria do 29 de abril e extraordinaria do 13 de maio de 2024.
- Toma de posesión do concelleiro electo D. Daniel Benavides Alonso (Expte. Pleno 4416/1101)

PARTE RESOLUTIVA

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- Dar conta do informe resumo dos resultados do control interno do exercicio 2023. Expte. 102990/140 (Expte. Pleno 4401/1101).

Mocións:

- Moción do grupo municipal do BNG, para amosar o rexeitamento do Pleno ao proxecto de construción dunha macrofactoría de pasta de celulosa de ALTRI en Palas de Rei. Expte. Pleno 4428/1101.
- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional á inversión necesaria para garantir prazas na educación pública, de calidade e de proximidade na cidade de Vigo. Expte. Pleno 4430/1101.
- Moción do grupo municipal Socialista, demandando da Xunta de Galicia que aumente as contías asignadas á cidade de Vigo con cargo ao Fondo de Cooperación Local/Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma. Expte. Pleno 4431/1101.
- Moción do grupo municipal Socialista, instando ao goberno da Xunta de Galicia a aprobar, con carácter urxente, a ampliación do recinto feiral do IFEVI de Vigo. Expte. Pleno 4432/1101.
- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a incrementar o investimento per cápita en materia de dependencia e o número de prazas públicas



de centros de atención residencial, de centros de día, e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 4433/1101.

PARTE DE CONTROL

Mocións.

9. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a non cobertura de persoal público no Concello por falla de dotación orzamentaria. Expte. 4429/1101.

Resolucións.

10. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 22.04.2024, de delegación no concelleiro de Cultura, baixo a dirección da Primeira Tenente de Alcalde, as atribucións que sexan precisas para a adquisición e instalación dunha escultura na memoria e tributo do escritor Domingo Villar Vázquez. Expte. 1134/1102 (Expte. Pleno 4397/1101).
11. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 23/04/24 e o 20/05/24, incluídas no expediente 1679/1102.(Expte. Pleno 4426/1101)
12. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 23/04/24 e o 20/05/24, incluídas no expediente .1680/1102.(Expte. Pleno 4427/1101).
13. **Formulación de rogos.**
14. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde
Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Estévez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel
(*asistencia telemática*)
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Iglesias López, Patricia
Lago Barreiro, M.ª del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, Mª Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier



Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria

NON ASISTEN:

Silva Rego, M^a Carmen, Primeira Tenente de Alcalde

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos (09:10 h.) do día .vinte e sete de maio do ano dous mil vinte e catro (27/05/24), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario de Administración municipal, don Jose Villán Fuertes, que actúa como Secretario Xeral do Pleno e dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

*.- **Incidencia.** Antes do inicio da sesión, e a iniciativa do Sr. Alcalde-Presidente, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan tres minutos de silencio polo falecemento antonte 25 de abril de D. Sergio Salnés Domínguez, bombeiro municipal.

1.(79). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 29 DE ABRIL E EXTRAORDINARIA DO 13 DE MAIO DE 2024.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros presentes (25) da Corporación, con dereito a voto neste asunto da orde do día, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito, apróbanse as seguintes actas:

- Sesión núm. 8/2024 ordinaria, celebrada o 29/04/24
- Sesión núm. 9/2024 extraordinaria, celebrada o 13/05/24.

2.(80). TOMA DE POSESIÓN DO CONCELEIRO ELECTO D. DANIEL BENAVIDES ALONSO (EXPT. PLENO 4416/1101)

Sr. Benavides Alonso: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade a El Rei así como gardar e facer a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 3 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PARTE RESOLUTIVA

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.(81). DAR CONTA DO INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO DO EXERCICIO 2023. EXPTE. 102990/140 (EXPTE. PLENO 4401/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe do Interventor Xeral, de data 30.04.24, que di o que segue,

"I. Introducción.

O órgano interventor deberá elaborar, con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, o informe resumo dos resultados do control interno sinalado no artigo 213 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O informe resumo será remitido ao Pleno, a través do Presidente da Corporación, e á Intervención Xeral da Administración do Estado no curso do primeiro cuadrimestre de cada ano e conterá os resultados máis significativos, a xuízo do órgano de control, que se deduzan de todas as actuacións de control realizadas durante o exercicio anterior, na propia entidade local e nas súas entidades dependentes, tanto derivados do exercicio da función interventora, como dos informes emitidos sobre as actuacións de control permanente e auditoría pública.

Como actuacións de control realizadas deben entenderse todas aquelas que desen lugar á emisión e remisión dun informe definitivo de control ao órgano controlado.

a) Normativa.

A normativa en base á cal se elabora o informe é a seguinte:

- Artigos 213 e 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, modificados pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.*
- Artigo 37 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local (en diante RDCIEL).*
- Resolución do 2 de abril de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se establecen as instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura e formato do informe resumen, así como a solicitude do informe previo á resolución de discrepancias e a remisión de información contable e informes de auditoría de contas anuais das entidades do sector público local.*

b) Réxime de control.

Os actos da entidade local e da Xerencia Municipal de Urbanismo atópanse sometidos ao réxime de control común, non resultando de aplicación o réxime de control interno simplificado que regula o título V do Real Decreto 424/2017, ao ser o Concello de Vigo un Municipio de Gran Poboación e atoparse incluído no ámbito de aplicación do modelo normal de contabilidade local.

Dentro deste réxime común, non se acordou para ningún tipo de expediente de gasto o réxime de requisitos básicos a efectos de fiscalización e intervención limitada previa, polo que resulta aplicable o réxime xeral de fiscalización e intervención previa.

Pola súa banda, a fiscalización previa dos dereitos e ingresos da Tesourería da Entidade Local e a dos seus organismos autónomos substituíuse polo control inherente á toma de razón en contabilidade e o control posterior mediante o exercicio do control financeiro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 4 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

II. Alcance do informe resumo.

a) Actuacións de control realizadas no exercicio.

a.1) Función interventora.

Como dixemos, no Concello de Vigo o desenvolvemento da función interventora realízase mediante a fiscalización e intervención previa plena ou común para a totalidade dos expedientes de gasto. Isto supón que o órgano de control interno terá que comprobar, no exercicio da función interventora, non soamente aqueles extremos considerados transcendentales no proceso de xestión fixados no Acordo do Consello de Ministros¹, senón tamén verificar o cumprimento de todos aqueles requisitos legais que, sen ter tal consideración, sexan necesarios co fin de asegurar, segundo o procedemento legalmente establecido, que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Así, fronte ao réxime de fiscalización limitada previa, caracterizada polas notas de esencialidade, brevidade e axilidade, ao limitarse o control a determinados aspectos esenciais do acto sometido a exame, o réxime xeral de exercicio da función interventora resulta unha tarefa de especial complexidade pola necesidade de verificar a adecuación do acto a toda a súa normativa reguladora, acentuada, en ocasións, pola dispersión normativa existente.

Por este motivo, e co fin de avanzar na consolidación dun modelo de control máis áxil e eficaz, esta intervención elaborou unhas "GUÍAS DE FISCALIZACIÓN" que recollen aqueles extremos ou requisitos legais que se consideran de necesaria verificación pola intervención no exercicio da fiscalización e intervención previa común dos expedientes, para que o resultado da fiscalización sexa de conformidade. En boa lóxica estas guías teñen que actualizarse permanentemente conforme á nova lexislación que se vaia aprobando.

Tendo en conta que para o exercicio da función interventora o órgano interventor recibirá o expediente orixinal completo, unha vez reunidos todos os xustificantes e emitidos os informes preceptivos, e cando estea en disposición de que se dite acordo polo órgano competente (artigo 10 RDCI), considérase que estas "GUÍAS" resultarán de utilidade non soamente para os funcionarios da intervención xeral, senón que tamén facilitará a tarefa dos órganos xestores, que poderán coñecer de antemán aqueles extremos dos expedientes que tramiten que serán obxecto de fiscalización previa da intervención.

Así se elaboraron as seguintes GUÍAS, para cada unha das Áreas de control máis relevantes:

1. Guía de fiscalización da Contratación.
2. Guía de fiscalización dos Gastos de Persoal.
3. Guía de fiscalización das Subvencións, Transferencias e Convenios de Colaboración.
4. Guía de fiscalización da Xestión Patrimonial.
5. Guía de fiscalización da aprobación do orzamento e das modificacións de crédito.

Esta última guía foi elaborada no exercicio 2023 dada a importancia que no Concello de Vigo teñen as modificacións de crédito. Así, no exercicio 2023 a variación entre os estados iniciais e definitivos foi extremadamente importante, xa que as modificacións orzamentarias en saldos netos representaron un 39,26% na Entidade Local principal con respecto aos créditos iniciais, sendo a contía total das modificacións tramitadas e aprobadas de 113,48 millóns de euros.

A estes efectos, a modificación máis salientable foi a incorporación dos remanentes de crédito non executados procedentes do exercicio 2022 por un importe total de 94,72 millóns de euros. Polo contrario, no exercicio 2023 o importe dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito financiados con remanente líquido de tesourería para gastos xerais limitouse a un importe de 10

1 O Consello de Ministros, na súa reunión do 14 de marzo de 2023, autorizou o Acordo polo que se modifican os Acordos do Consello de Ministros do 30 de maio de 2008, do 20 de xullo de 2018 e do 15 de xuño de 2021, relativos ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos no ámbito dos tipos de gastos incluídos en cada un deles. Pode consultarse no BOE: <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2008-10128&tn=1&p=20230318>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 5 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

millóns de euros fronte aos 84 millóns do exercicio 2022, pese a manterse tamén a suspensión das regras fiscais para o exercicio 2023.

De acordo cos datos obtidos da aplicación informática de xestión de expedientes e da base de datos de contabilidade, durante o exercicio 2023 realizáronse pola Intervención Xeral Municipal un total de 68.407 actuacións de control no exercicio da función interventora, ben como fiscalización previa ben como intervención previa.

Fiscalización previa (fases A e D)

Do total de actuacións realizadas, 1.993 correspóndense con actuacións de fiscalización previa de actos polos que se autorizaron ou comprometeron gastos (fases A e D de execución do orzamento), e que se realizaron mediante a emisión de informes individuais por escrito para cada un dos expedientes.

Estas actuacións de fiscalización previa poden distribuírse do seguinte modo, tendo en conta as áreas de control máis relevantes:

Área de control	Descrición dos trámites	Número de actuacións de control				
		2023	2022	2021	2020	2019
Contratación	Aprobación expediente, Adjudicación, Modificación contratos, Revisión de prezos, Certificacións de obra, Anticipos por acopios	500	457	457	394	330
Subvencións e Convenios	Convocatorias en concorrencia competitiva, Subvencións directas, Subvencións nominativas, Convenios de colaboración	252	262	210	216	200
Recursos Humanos	Selección dos empregados públicos (convocatorias), Nomeamento de persoal funcionario de carreira ou interinos, Contratación de persoal laboral, Provisión dos postos de traballo (libre designación, concurso ordinario ou específico, comisión de servizos voluntaria, adscrición provisional), Recoñecemento de trienios, Gratificacións, horas extraordinarias e produtividade, Nóminas, Anticipos, Axudas de acción social, Prolongación na permanencia da situación de servizo activo	566	578	471	443	409
Dietas e indemnizacións	Indemnizacións ou compensacións nos supostos de desprazamentos dentro do termo municipal por razón de servizo, asistencias por concorrencia a Órganos Colexiados, por participación en tribunais de oposicións e concursos, e pola asistencia a cursos de formación que se desenvolvan fora do termo municipal	63	90			
Facenda e Orzamentos	Aprobación do orzamento, modificacións orzamentarias, liquidación e conta xeral, modificación das ordenanzas	160	187	143	140	150
Pagos a xustificar	Fiscalización previa das ordes de pago a xustificar e intervención das contas xustificativas dos pagos a xustificar	214	150	(*)		
Patrimonio	Cesións, compra de bens, responsabilidade patrimonial	18	32	70	74	67
Garantías	Devolución de avais e outras garantías	177	150	121	101	170
Outros expedientes de gasto	Pagos de arrendamentos, cotas comunidades de propietarios, execución de sentenzas e outros	43	41	73	77	200



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 6 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Número total de actuacións de control interno na modalidade de fiscalización previa	1,993	1,947	1,545	1,445	1,526
--	--------------	--------------	--------------	--------------	--------------

(*) Ata o ano 2021 estas actuacións inclúíanse no epígrafe "Outros expedientes de gasto".

Outras actuacións: Intervención previa e outras

Ademais realizáronse as seguintes actuacións no exercicio da función interventora:

Fase actuación	Descripción da actuación	N.º de actuacións de control				
		2023	2022	2021	2020	2019
Intervención previa da liquidación do gasto ou recoñecemento de obrigacións (fase O)	Comprobar, antes de que se dite a resolución, que as obrigacións se axustan á Lei ou aos negocios xurídicos subscritos polas autoridades competentes e que o acredor cumpriu ou garantiu, no seu caso, a súa correlativa prestación	16,099	16,242	14,994	14,416	9,248
Intervención formal da ordenación do pago	Verificar a correcta expedición das ordes de pago	16,103	16,226	15,000	14,420	12,010
Intervención material do pago	Verificar que o pago dispúxose polo órgano competente e realízase en favor do perceptor e polo importe establecido	32,967	17,087	14,087	14,149	9,884
Intervención da comprobación material da inversión	Verificar materialmente a efectiva realización das obras, servizos ou adquisicións financiadas con fondos públicos e a súa adecuación contido do correspondente contrato	44	31	25	22	52
Devolución de ingresos indebidos	Fiscalización dos actos de ordenación e pago material derivados de devolucións de ingresos indebidos	1,201	1,547	2,925	2,524	3,289
Número total de actuacións de control interno na modalidade de intervención previa		66,414	51,133	47,031	45,531	34,483

Estas actuacións realizáronse normalmente mediante unha dilixencia de fiscalización de conformidade asinada sen necesidade de motivación adicional.

a.2) Control financeiro.

No exercicio 2023, habida conta do incremento de traballo no exercicio da función interventora, especialmente en materia de contratación, a falta de medios humanos existentes, así como a especial complexidade dalgún dos expedientes tramitados no citado exercicio (v. gr. revisións excepcionais de prezos, posible reequilibrio financeiro de Vitrasa como consecuencia da crise Covid-19, PXOM, ...), non se aprobou pola Intervención Xeral un Plan Anual de Control Financeiro, se ben sí que foron realizadas todas aquelas actuacións de control financeiro permanente cuxa realización polo órgano interventor deriva dun deber legal (control polo tanto preceptivo e non planificable).

Por outra parte, xa que ningunha das Fundacións que forma parte do Sector Público Local "Concello de Vigo" ten o deber de someter as súas contas anuais á auditoría externa conforme ao disposto no artigo 25 da Lei 50/2002 de Fundacións, e tendo en conta que no ano 2020 realizáronse as auditorías das contas e de cumprimento do ano 2019 das Fundacións Marco, Liste e Laxeiro, e no ano 2021 realizáronse as auditorías das contas e de cumprimento do ano 2020 das Fundacións Vigo Convention Bureau e Vigo en Deporte, non se considerou necesaria a realización de ningunha auditoría no ano 2023.

Deste xeito, no transcurso de tres exercicios consecutivos (2019-2021) o modelo de control alcanzou o cento por cento do orzamento xeral consolidado mediante a aplicación das modalidades de función



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 7 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

interventora e control financeiro, dando cumprimento ao disposto no parágrafo segundo do artigo 4.3 do RDCI.

a.3) Medios.

Aínda que o RDCIEL contempla a posibilidade da Entidade Local de contratar para colaborar co órgano interventor a firmas privadas de auditoría, que deberán axustarse ás instrucións dadas polo órgano interventor, esta intervención ven manifestando nos sucesivos informes de control interno anuais que resultaría recomendable a creación dun Servizo ou Oficina de Control Financeiro na Intervención Xeral Municipal tendo en conta o carácter permanente das funcións para desenvolver e a súa transcendencia para garantir un modelo de control eficaz, e para a mellora na xestión e na transparencia.

Neste sentido, o Consello de Contas de Galicia, no "Anteproxecto do Informe de Fiscalización Selectiva do Concello de Vigo. Exercicio 2018" puxo de manifesto que "o Concello non conta cunha suficiente estrutura de persoal para dar cobertura ás esixencias do RD 424/2017, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades locais en materia de control financeiro", e que "existe unha praza de habilitación nacional que non está cuberta", polo que recomenda "adaptar e dotar a estrutura do Órgano Interventor ás esixencias da normativa de control interno".

Temos que dicir que no mes de abril do presente exercicio 2024 cubriuse definitivamente o posto de habilitación nacional denominado "Viceinterventor/a adxunto/a", ao que se lle ten encomendado a colaboración e desenvolvemento das actuacións de control financeiro planificable, previa elaboración e aprobación polo órgano interventor dun Plan Anual de Control Financeiro, actualmente en fase de elaboración. Deste xeito, coa posterior adscrición dos medios e recursos que estime necesarios tratarase no presente exercicio 2024 de reconfigurar a estrutura do órgano interventor mediante a creación dun servizo de control financeiro, instando a modificación da RPT e solicitando a cobertura das prazas vacantes existentes.

Con todo, entende o funcionario que subscribe que no exercicio 2023, ao que se refire o presente informe, a Intervención Xeral municipal non dispuxo dos medios necesarios e suficientes para desenvolver o modelo de control eficaz ao que se refire o artigo 4 do Real Decreto 424/2017, xa que a estrutura de persoal atópase adaptada para a realización unicamente da tradicional función interventora nas súas modalidades de fiscalización previa e intervención previa.

Por este motivo non se realizaron no ano 2023 nin a auditoría de sistemas do rexistro contable de facturas prevista no artigo 12.3 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, nin a auditoría da conta 413 e a súa correlación co rexistro de facturas regulada na disposición adicional terceira da Lei Orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Por outra banda, o artigo 20 do RDCIEL establece que o órgano interventor poderá estar asesorado cando sexa necesaria a posesión de coñecementos técnicos para realizar a comprobación material.

A este respecto é preciso indicar que o persoal da intervención asistiu aos actos de comprobación material dos investimentos sen asesoramento, entendéndose por tanto limitada a miña responsabilidade aos aspectos e deficiencias que se puideron detectar atendendo á dilixencia media esixida aos profesionais da Administración que non requiren cualificación técnica nun sector específico obxecto do gasto para o desempeño das funcións asignadas ao seu posto de traballo. Por conseguinte pode considerarse que os medios persoais para o exercicio da función da intervención da comprobación material do investimento non foron suficientes.

Por este motivo, a partir do presente exercicio 2024, e facendo uso da posibilidade contemplada na D.A. 3ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, esta intervención realizará a comprobación material do investimento aplicando técnicas de mostraxe non probabilístico mediante un proceso de selección non fixo baseado no xuízo profesional.

III. Conclusións e recomendacións.

III.1.- Función interventora.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 8 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Durante o exercicio 2023 non se adoptaron resolucións ou acordos contrarios aos reparos formulados, nin existiron procedementos para a resolución de discrepancias entre as opinións do órgano interventor e as dos órganos de xestión.

Naqueles supostos nos que o órgano interventor observou defectos no expediente derivados do incumprimento de requisitos ou trámites considerados non esenciais, devanditos defectos foron corrixidos con anterioridade á aprobación do expediente correspondente.

Esta ausencia de acordos contrarios a reparos resulta especialmente relevante tendo en conta que no ano 2020 nos concellos españois aprobáronse un total de 48.486 resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polos órganos de Intervención por un importe global de 2.043,7 millóns de euros (fonte: Tribunal de Cuentas).

Recoméndase: Reitérase a necesidade de continuar desenvolvendo a aplicación de xestión de expedientes, previa elaboración de guías de tramitación da totalidade dos expedientes co maior nivel de detalle posible a nivel de trámite e usuario autorizado, como instrumento imprescindible para garantir un modelo de control eficaz.

Por outra banda, tamén resulta necesaria a dispoñibilidade de ferramentas informáticas suficientes e específicas para realizar as funcións de control interno, preferentemente integradas no sistema de administración electrónica da entidade, e que contén cun inventario das actuacións realizadas no exercicio da función interventora.

Así mesmo, os medios persoais para levar a cabo as tarefas de control interno non só han de ser suficientes no seu número senón que, ademais, han de contar coa formación esixible para desempeñar con competencia os novos labores previstos no RCIL. A este respecto, recoméndase incrementar a formación específica para os funcionarios responsables do control interno, establecendo a obriga de seguir os cursos e realizar as actividades de formación continuada necesarias para asegurar un nivel suficientemente elevado de coñecementos teóricos, cualificacións e valores profesionais.

III.2.- Control financeiro permanente: Actuacións atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor.

Como regra xeral, durante o exercicio 2023 realizáronse as actuacións de control financeiro cuxa realización polo órgano interventor deriva dunha obrigación legal. Como resultado das devanditas actuacións elaboráronse informes escritos co contido establecido no artigo 35 do RD 424/2017.

Con carácter xeral as deficiencias detectadas foron corrixidas mediante unha actuación correctora inmediata, sen prexuízo daquelas recomendacións puntuais realizadas sobre determinados aspectos que non resultan especialmente significativos pola súa escasa relevancia cualitativa ou cuantitativa.

En particular, informáronse favorablemente os expedientes para a aprobación inicial do orzamento do exercicio, as modificacións de créditos do exercicio, así como a aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2022.

Con todo, neste ámbito debemos de facer constar os aspectos seguintes:

a) No informe de control permanente emitido para a aprobación inicial dos orzamentos para o exercicio 2023, esta intervención fixo constar literalmente (conclusión 7ª) que "Como consecuencia de que durante a fase de elaboración dos presentes orzamentos, o Ministerio de Facenda publicou o proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2023 (en diante LOXE 2023) que foi presentado ás Cortes Xerais o 6 de outubro de 2021, e recentemente tamén publicouse no BOE número 251 de 19/10/2022 o Real Decreto-lei 18/2022, de 18 de outubro, polo que se aproban, entre outras, medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público, antes da aprobación definitiva dos orzamentos polo Pleno da Corporación, deberá axustarse a contía das retribucións dos empregados públicos do Concello de Vigo e da XMU consignadas nos anexos de persoal e, consecuentemente os créditos do capítulo 1 incluídos no Orzamento, ao establecido nos artigos 19 Dous e 23 Un da LOXE 2023 e no Real Decreto-lei 18/2022."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 9 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Non se realizou a antedita adecuación entre o prazo de aprobación inicial e o definitivo, polo que as retribucións dos empregados públicos do Concello de Vigo e da XMU consignadas nos anexos de persoal e, consecuentemente os créditos do capítulo 1 incluídos no orzamento definitivamente aprobado polo Pleno do Concello de Vigo, non se axustaron ao establecido nos artigos 19 Dous e 23 Un da LOXE 2023 e no Real Decreto-lei 18/2022. Este axuste foi realizado con posterioridade, unha vez iniciado o exercicio.

b) Nos orzamentos no se dotou cantidade algunha nunha aplicación orzamentaria específica para facer fronte ao pago dos incrementos retributivos adicionais de ata o 1% previstos na LOXE 2023, no suposto de cumprirse as condicións establecidas para a súa aplicación. Con todo, esta intervención comprobou que o crédito consignado na aplicación orzamentaria correspondente ao Fondo de Continxencia sería suficiente para facer fronte a este incremento.

c) No cadro de persoal orzamentario incorporado como anexo aos orzamentos do exercicio 2023 creáronse e/ou amortizáronse prazas, sen que previamente se tiveran creado e/ou amortizado os correspondentes postos de traballo na RPT, que é o instrumento técnico a través do que se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, incumpríndose deste xeito o disposto no artigo 38.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia que dispón que: "Os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente.". Isto e, é o orzamento o que debe de axustarse á RPT e non ao revés.

Como consecuencia desta práctica incorrecta producíronse algunhas disfuncións ao longo do exercicio na xestión do recursos humanos, ao non poder cubrirse algúns postos vacantes con persoal interino por falta de dotación orzamentaria (existe posto pero non praza) a pesar de resultar urxente a súa cobertura.

III.3.- Control financeiro permanente: Actuacións realizadas incluídas no Plan Anual de Control Financeiro.

Como se ten dito, no exercicio 2023, polas circunstancias expostas, non se aprobou pola Intervención Xeral un Plan Anual de Control Financeiro

III.4.- Auditoría pública.

Non se realizaron Auditorías das Fundacións integradas no Sector Público Local.

IV. Deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción.

Mais alá das recomendacións realizadas, non se sinalaron deficiencias que requiran a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción.

V. Valoración do plan de acción formalizado polo Presidente da Corporación como consecuencia das deficiencias sinaladas no anterior informe.

Non procede xa que como consecuencia do anterior informe non resultou necesario elaborar un plan de acción."

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda na súa sesión ordinaria, de data 20.05.24, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

ACORDO.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 10 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do informe resumo dos resultados do control interno do exercicio 2023. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

*.- **Incidencia.** Neste intre, en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa do Sr. Alcalde-Presidente, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

*.- **Incidencia.** Sendo as 9:36 h., ausentase da sesión plenaria o Sr. Alcalde-Presidente, pasando a presidir a mesma o Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito.

MOCIÓNS:

4.(82). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA AMOSAR O REXEITAMENTO DO PLENO AO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA MACROFACTORÍA DE PASTA DE CELULOSA DE ALTRI EN PALAS DE REI. EXPTE. PLENO 4428/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de maio de 2024, número 4428/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

PARA AMOSAR O REXEITAMENTO DO PLENO AO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA MACROFACTORÍA DE PASTA DE CELULOSA DE ALTRI EN PALAS DE REI

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A Xunta do PP e a empresa portuguesa Altri promoven a construción dunha macrofactoría de produción de pasta de celulosa no concello de Palas de Rei. Este proxecto tramitouse con absoluta falta de transparencia e con enganosa, xa que durante máis de dous anos publicitouse unha factoría circular de fibras téxtiles e finalmente sóubose que o obxectivo principal será a produción de pasta de celulosa soluble, destinada preferentemente á exportación.

2. Estamos diante dunha actividade industrial nin nada sostible nin moito menos circular, que terá un fortísimos impactos no territorio, no ambiente, no patrimonio cultural, nas actividades socioeconómicas, no río Ulla, na ría de Arousa e no modelo forestal:

-Terá un impacto territorial e paisaxístico enorme polas dimensións xigantescas da factoría, que ten unha poligonal de 366 hectáreas, que prevé explanar, pavimentar e ocupar case un millón e medio de metros cadrados con diversas instalacións industriais contaminantes e unha cheminea de 75 m de altura, e que afectará directa e negativamente a numerosos concellos da contorna, ademais de Palas: Agolada, Santiso, Melide... co impacto das conducións de auga, accesos e liñas eléctricas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 11 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

-Terá un impacto ambiental crítico nunha zona que foi proposta para a ampliación da Rede Natura 2000 e que alberga hábitats e especies de grande valor ambiental e que están en risco de extinción. As emisións de gases contaminantes tamén terá unha incidencia prexudicial na saúde, no uso residencial e na calidade e aproveitamento dos solos nunha ampla zona circundante.

-Terá un impacto fortísimo no ámbito de protección do BIC Camiño de Santiago e noutros bens culturais da contorna.

-Prevé un consumo de grandes cantidades de auga procedentes do río Ulla e o vertido dun voluminoso caudal de augas sometidas a depuración industrial máis contaminantes, que incidirán negativamente na calidade das augas, na biodiversidade e na produtividade tanto do río Ulla como da ría de Arousa.

-Vai ter un impacto negativo nas actividades económicas e no emprego na contorna, o que non compensa en absoluto os supostos beneficios da nova actividade industrial. E tamén terá unha incidencia negativa na actividade produtiva e polo tanto a economía da ría de Arousa.

-Condicionará de maneira decisiva a política forestal, incrementando a eucaliptización e afectando aos equilibrios, á biodiversidade e ás cadeas de valor da industria forestal galega.

3. A afección deste proxecto vai máis alá dos concellos da contorna, do río Ulla e da ría de Arousa. É un proxecto que atenta contra os intereses xerais de Galiza. Estamos diante dun exemplo de libro de industria de enclave e de espolio colonial dos recursos naturais do noso país, na repetición do modelo de implantación da celulosa de ENCE na ría de Pontevedra: dispoñibilidade de solo barato, dispoñibilidade de eucalipto a grande escala e a prezos baixos, primeira transformación con escaso valor engadido, e destino principal á exportación sen peche de ciclos.

En realidade, a orixe e implantación deste proxecto ten que ver coa moratoria ao eucalipto en Portugal e ao interese da empresa promotora por dispoñer de grandes cantidades de madeira de eucalipto e entrar no lucrativo mercado da produción e comercialización de pasta de celulosa destinada á produción de fibras téxtiles.

4. Tanto a Xunta como a empresa actuaron de maneira escurantista e con enganos, publicitando unha planta circular e de produción de fibras téxtiles cando en realidade estamos diante dun macrocomplexo industrial equivalente a unha planta clásica de produción de celulosa.

Polo que, a través desta moción, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1 Manifestar o rexeitamento ao macrocomplexo industrial contaminante de Altri porque supón a consolidación dun modelo de dependencia e espolio, o incremento do proceso eucaliptizador, e porque terá múltiples afeccións negativas ao conxunto do noso País, ás comarcas veciñas da megafactoría, ao río Ulla e á ría de Arousa.
- 2 Dirixirse á Xunta de Galiza para que se posicione en contra do proxecto e impulse en colaboración coas diferentes administracións e o tecido



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 12 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

socioeconómico a multifuncionalidade do monte, o desenvolvemento autocentrado, sustentable e equilibrado das cadeas de valor da industria forestal e a xeración de emprego de calidade neste sector estratéxico da economía galega.

- 3** *Exixir ao Goberno galego a aprobación dunha alternativa para a dinamización socioeconómica da Ulloa, a Terra de Melide e o Alto Ulla, co obxectivo de fomentar actividades sustentábeis que xeren emprego e que fixen e atraian poboación, así como o desenvolvemento dun plan para a mellora integral da calidade da auga e da biodiversidade da bacía do río Ulla e para a rexeneración e a reactivación produtiva da ría de Arousa."*

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

***.- Incidencia.** *Ausentase da sesión plenaria a concelleira Sra. Rodríguez Calviño . Continúa o debate e votación coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito.*

VOTACIÓN: Con tres (3) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; dezaseis abstencións (16) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia; e cinco (5) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 21.05.24 (Rex. Nº 4428/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, "Para amosar o rexeitamento do Pleno ao proxecto de construción dunha macrofactoría de pasta de celulosa de Altri en Palas de Rei" cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

5.(83). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL Á INVERSIÓN NECESARIA PARA GARANTIR PRAZAS NA EDUCACIÓN PÚBLICA, DE CALIDADE E DE PROXIMIDADE NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. PLENO 4430/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de maio de 2024, número 4430/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suarez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Cada ano son moitas as familias que se enfrontan a unha importante decisión, que centro escolar deben elixir para que os seus fillos máis pequenos comecen ou continúen os seus estudos. Para moitos pais e nais esta elección percíbese como unha gran responsabilidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 13 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

E cando xa está feita, ábrese un período de espera con moita inquietude ata a confirmación de se teñen praza ou non para as súas fillas e fillos no colexio elixido.

Este ano, máis de vinte nenos e nenas vigueses, de 2 e 3 anos, non poderán iniciar a súa escolarización no centro elixido polas súas familias como primeira opción, o centro que lles corresponde por zona.

O artigo 109 da LOMLOE, referente a programación da rede de centros indica que “ na programación da oferta de prazas, as Administracións educativas harmonizarán as esixencias derivadas da obrigaición que teñen os poderes públicos de garantir o dereito de todos á educación, mediante unha oferta suficiente de prazas públicas, en condicións de igualdade e os dereitos individuais de alumnos e alumnas, pais, nais e titores legais”.

Atender adecuadamente as necesidades actuais dos centros públicos require vontade política da Administración competente, a Xunta, unha aposta decidida polo sistema público que implique investimento e incremento significativo de recursos xa que é esta Administración e só ela, a que establece o número de prazas, as zonas de escolarización e os criterios de admisión e de planificación.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte acordo:

ACORDO

Instar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional á inversión necesaria para garantir prazas na educación pública, de calidade e de proximidade na cidade de Vigo.”

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

***.- Incidencia.** *Segue ausente da sesión plenaria a concelleira Sra. Rodriguez Calviño Continúa o debate e votación coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito.*

VOTACIÓ: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes (24) da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e feito, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.05.2024 (Rex. Nº 4430/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suarez, “*instando á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional á inversión necesaria para garantir prazas na educación pública, de calidade e de proximidade na cidade de Vigo*”, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 14 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6.(84). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, DEMANDANDO DA XUNTA DE GALICIA QUE AUMENTE AS CONTÍAS ASIGNADAS Á CIDADE DE VIGO CON CARGO AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL/PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA. EXPTE. PLENO 4431/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de maio de 2024, número 4431/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A financiación incondicionada que a Xunta de Galicia adica á cidade de Vigo, a través da Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma, permanece conxelada nos pouco máis dos 6 millóns de euros dende fai máis dunha década.

Esta situación contrasta coas maiores achegas que fai o Estado tanto á Comunidade Autónoma como ás Corporacións Locais. Polo que se refire aos entes subcentrais, o Goberno do Estado adoptou diversas medidas para incrementar os Fondos de participación nos tributos Estado, compensou a perda da recadación derivada da implantación do SII IVA no 2017, desconcentrou partidas dos Fondos Next Generation EU e tomou outras medidas que contribuíron a incrementar a capacidade de gasto e de inversión da Xunta de Galicia.

Así, a compensación, acordada polo Goberno de Pedro Sánchez, polo recorte aprobado polo Goberno de Mariano Rajoy na cesión da recadación do IVE supuxo 224 millóns de euros extra para Galicia e a participación nos Fondos de Financiación Autonómica creceu un 23 por cento, ata chegar aos 9.400 millóns de euros. Polo que se refire aos fondos europeos, Galicia recibiu 2.400 millóns de euros dende 2021.

Esta maior capacidade de financiación contrasta, como dicimos, coa conxelación e redución das achegas que recibe a cidade de Vigo da Xunta de Galicia cando representamos un tercio do Produto Interior Bruto da Comunidade Autónoma e somos a cidade máis poboada de Galicia, cabeceira da Área Metropolitana máis significativa en termos poboacionais e económicos.

Pese a nosa importancia no conxunto de Galicia, e ao incremento dos recursos cos que conta a Xunta de Galicia, os ingresos que se transfiren ao Concello de Vigo non superan os 20 euros por habitante se temos en conta que a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma é de 6,4 millóns de euros.

Por todo o antedito, o Grupo Municipal Socialista, presente ao Pleno da Corporación do seguinte

ACORDO

Demandar da Xunta de Galicia que aumente as cuantías asignadas á cidade de Vigo con cargo ao Fondo de Cooperación Local/Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma, na liña de aproximarse ás asignacións que fai o goberno de España."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓNS: Con vinte (20) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señoras e señores Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 15 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas; e cinco votos (5) en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.05.24 (Rex. Nº 4431/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, "Demandando da Xunta de Galicia que aumente as contías asignadas á cidade de Vigo con cargo ao Fondo de Cooperación Local/Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma" cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

*.- **Incidencia.** Sendo as 10:35 h., ausentase da sesión plenaria o Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, pasando a presidir a Terceira Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito.

7.(85). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA A APROBAR, CON CARÁCTER URXENTE, A AMPLIACIÓN DO RECINTO FEIRAL DO IFEVI DE VIGO. EXPTE. PLENO 4432/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de maio de 2024, número 4432/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"CONXEMAR é o evento máis importante que anualmente se celebra no Instituto Feiral de Vigo (IFEVI).

Precisamente foi o crecemento de CONXEMAR, ano tras ano, o que propiciou as últimas ampliacións do IFEVI que, á súa vez, tamén permitiron o desenvolvemento do mesmo.

As distintas ampliacións víronse xustificadas e debemos darlle a razón aos responsables de CONXEMAR nas súas peticións de ampliación do IFEVI, dado que tal e como se foron producindo, todo o espazo dispoñible foi cuberto e sempre tendo máis solicitude de espazo, por parte dos expositores, do que se podía ofrecer.

A última edición foi un bo exemplo e o máximo responsable de CONXEMAR trasladou a todas as Administracións a necesidade dunha nova ampliación ante o risco sempre presente de que outras cidades puidesen ofrecer o que a Xunta nega en Vigo.

Foron os responsables de CONXEMAR os que han trasladado ao Padroado do IFEVI, gobernado en exclusiva polo goberno da Xunta de Galicia, o proxecto de ampliación, o que facilita o proceso para seguir, como en anteriores ampliacións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 16 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Xunta de Galicia non tomou en consideración esta proposta, poñendo en risco a celebración do evento, nunha actitude irresponsable desde o punto de vista político e atentando contra os intereses económicos de Vigo, do sector da pesca e do conxelado e de Galicia.

A Xunta de Galicia debe dar resposta á petición dos responsables de CONXEMAR, xustificada polo crecemento do evento e pola necesidade de maior espazo, é polo que se propón ao Pleno da Excm. Corporación de Vigo que adopte o seguinte

ACORDO

Instar o goberno da Xunta de Galicia a aprobar, con carácter urxente, a ampliación do recinto feiral do IFEVI de Vigo, para dar cumprida resposta á petición de CONXEMAR."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezanove (19) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas; e cinco votos (5) en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.05.24 (Rex. Nº 4432/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, "*Instando ao goberno da Xunta de Galicia a parobar, con carácter urxente, a ampliación do recinto feiral do IFEVI de Vigo*" cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Sendo as 10:55 h., reincorporase á sesión plenaria o Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, pasando a presidir a mesma. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito.

8.(86). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INCREMENTAR O INVESTIMENTO PER CÁPITA EN MATERIA DE DEPENDENCIA E O NÚMERO DE PRAZAS PÚBLICAS DE CENTROS DE ATENCIÓN RESIDENCIAL, DE CENTROS DE DIA, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 4433/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de maio de 2024, número 4433/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 17 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

MOCIÓN

“No derradeiro informe do Observatorio da Dependencia da Asociación de Directores e Xerentes de Servizos Sociais de 2024, conséntase que Galicia segue á cola en Dependencia, cun gasto per cápita dos máis baixos do Estado.

A realidade é que, despois do maior investimento en Dependencia do Goberno de España da historia, a través do Plan de Choque da Dependencia, Galicia segue no vagón de cola da dependencia. Listas de agarda para que sexan recoñecidos os dereitos, listas de agarda para obter a valoración de dependencia, listas de agarda para obter as libranzas, listas de agarda para optar a unha praza nunha residencia pública.

O dato máis dramático é que unha persoa dependente en Vigo dende que presenta a súa solicitude ata que accede á prestación ou servizo espera, de media, 368 días, fronte a outras comunidades como o País Vasco ou Castela e León, onde a espera está por debaixo dos 140 días.

Neste momento, a lista de agarda para acceder a unha praza residencial pública en Vigo supera os dous anos.

Na pasada campaña electoral, o Sr. Rueda anunciaba a bombo e platillo bonos de 5.000 e de 1.200 euros para coidados no fogar das persoas dependentes.

Concretamente, o 1 de decembro de 2023 e o 2 de xaneiro de 2024, publicábanse no DOG dúas medidas “estrela” do candidato Sr. Rueda: un bono de 5.000 euros anuais para coidados e outro, de 1.200 euros como complemento para o servizo de atención residencial. Medida da que nada soubemos nin sabemos os Concellos.

Os maiores recortes de fondos en dependencia, concretamente, os recortes na libranza por coidados na contorna familiar dos últimos anos foron perpetrados polos gobernos do Partido Popular, incluída a cotización especial como coidador/a eliminada cando Mariano Rajoy presidía o Goberno de España, que foi retomada polo Presidente do Goberno, Pedro Sánchez, ao acceder ao Goberno.

Tras executar recortes de miles de millóns en materia de dependencia por parte do Goberno do Partido Popular a nivel estatal, e ser das comunidades autónomas con menor investimento en dependencia por habitante potencialmente dependente de todo o país, o PP de Rueda, anunciaba, despois de 15 anos de goberno da, unha medida en período preelectoral.

Medidas que a día hoxe amosaron ser un fracaso, precisamente pola falla de recursos públicos tanto en materia residencial como en centros de día e que non están a chegar ás familias dependentes, que tardan máis de un ano en ter a resolución de grao e o Plan Individualizado de Atención. Por todo o antedito, o Grupo Municipal Socialista, presente ao Pleno da Corporación dos seguintes

ACORDOS

1. Incrementar na cidade de Vigo o número de prazas públicas de centros de atención residencial, de centros de día e as libranzas vinculadas á contorna familiar, en función do grao de dependencia e baremos que marca o Real decreto 675/2023, do 18 de xullo, do Goberno de España.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 18 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. En tanto, instar á Xunta de Galicia a incrementar o investimento per cápita en materia de dependencia e poñer en marcha un Plan de Choque para desateigar as listas de agarda tanto en valoración como en acceso á carteira de servizos de Dependencia.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con vinte (20) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e cinco votos (5) en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.05.24 (Rex. Nº 4433/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, *“Instando á Xunta de Galicia a incrementar o investimento per cápita en materia de dependencia e o número de prazas públicas de centros de atención residencial, de centros de día, e outros acordos complementarios”* cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

MOCIÓNS.

9.(87). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A NON COBERTURA DE PERSOAL PÚBLICO NO CONCELLO POR FALLA DE DOTACIÓN ORZAMENTARIA. EXPTE. 4429/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de maio de 2024, número 4429/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

“MOCIÓN

“No artigo 38.3 da Ley/2015, de 29 de abril, del Empleo Público de Galicia indícase que “Os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente.”

Porén, o “Informe resumen de los resultados del control interno” co número de expediente 102990-140 e pertencente ao exercicio 2023, reflicte que “en la plantilla presupuestaria incorporada como anexo a los Presupuestos del ejercicio 2023 se crearon y/o se amortizaron plazas, sin que previamente se hubieran creado y/o amortizado los correspondientes puestos de trabajo en la RPT, que es el instrumento técnico a través del que se realiza la ordenación del personal, de acuerdo con las necesidades de los servicios, incumplíndose de este modo lo dispuesto en el artículo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 19 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

38.3 de la Ley 2/2015, de 29 de abril, del Empleo Público de Galicia... En conclusión, es el Presupuesto el que debe de ajustarse a la RPT y no al revés.”

Conclúese que se trata dunha “práctica incorrecta” que ten consecuencias na xestión do persoal durante o exercicio 2023 que imposibilitou a cobertura de vacantes por falta de dotación orzamentaria, aínda sendo preciso e urxente proceder a súa cobertura.

Por os motivos expostos, instamos ao Concello de Vigo que:

ACORDOS:

1. subsane esta anomalía no exercicio 2024 se non o tivera feito,
2. informe do número de prazas sen cubrir e non afectadas pola tasa de reposición,
3. proceda a articular con urxencia as convocatorias de emprego público nas prazas vacantes non amortizadas.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con cinco (5) votos a favor, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e dezasete (17) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.05.2024 (Rex. Nº 4429/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, “sobre a non cobertura de persoal público no Concello por falla de dotación orzamentaria”, e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

RESOLUCIÓNS.

10.(88). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 22.04.2024, DE DELEGACIÓN NO CONCELLEIRO DE CULTURA, BAIXO A DIRECCIÓN DA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, AS ATRIBUCIÓNS QUE SEXAN PRECISAS PARA A ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DUNHA ESCULTURA NA MEMORIA E TRIBUTO DO ESCRITOR DOMINGO VILLAR VÁZQUEZ. EXPTE. 1134/1102 (EXPTE. PLENO 4397/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución, de data 22.04.24, que di o que segue,

“Por Resolución da Alcaldía de data 19 e 28 de xuño de 2023 determinouse a estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias para o período 2023-2027. Conforme dita Resolución atribuíuse a Primeira Tenente de Alcalde



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 20 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, entre outras, as competencias municipais en materia de cultura; promoción de actividades culturais e bibliotecas. No mesmo acto delegouse no Concelleiro delegado de Cultura, baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno as competencias municipais, as competencias en materia de cultura; promoción de actividades socioculturais; bibliotecas.

Vista a solicitude dos herdeiros do escritor Domingo Villar Vázquez da adquisición por parte do Concello dunha escultura a instalar na Praza de Compostela para renderlle tributo á súa figura e na súa memoria.

Considerando que o escritor Domingo Villar Vázquez contribuíu de forma moi importante á difusión da cultura galega, baseada no seu compromiso e vinculación emocional coa súa terra natal e a súa vocación de dar a coñecer Galicia e moi especialmente a nosa cidade.

Considerando que a instalación dunha escultura na súa memoria e tributo resulta de interese municipal como recoñecemento público á importancia da súa obra a nivel nacional e internacional e a súa innegable vinculación coa cidade de Vigo e a súa contorna,

O interese cultural que representa a proposta aconsellan a realización dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Por exposto esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais segundo o artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVE

PRIMEIRO.- Delegar no Concelleiro delegado de Cultura, baixo a dirección e coordinación da Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística as atribucións que sexan precisas para adquisición e instalación dunha escultura na memoria e tributo do escritor Domingo Villar Vázquez nos termos sinalados na Resolución da Alcaldía de data 19 e 28 de xuño de 2023 e resolución de delegación xenéricas de data 20 de xuño de 2023.

SEGUNDO.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, así como na rede Intranet ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas.

TERCEIRO.- Notificar a Primeira Tenente de Alcalde e Concelleira de Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e Concelleiro delegado de Cultura.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación desta resolución de forma individualizada para o seu coñecemento."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 21 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución, de data 22.04.24, de delegación no concelleiro de cultura, baixo a dirección da primeira tenente de alcalde, as atribucións que sexan precisas para a adquisición e instalación dunha escultura na memoria e tributo do escritor Domingo Villar Vázquez. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

11.(89). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 23/04/24 E O 20/05/24, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1679/1102.(EXPTE. PLENO 4426/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 23/04/24 e o 20/05/24, incluídas no expediente 1679/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

12.(90). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 23/04/24 E O 20/05/24, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE .1680/1102.(EXPTE. PLENO 4427/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 23/04/24 e o 20/05/24, incluídas no expediente 1680/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

13.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

13.1.(91). Rogo formulado polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. Que se inicien os trámites necesarios para obter a declaración do curso fluvial do Río Lagares, desde o seu nacemento na lagoa Mol até a súa desembocadura en Samil, como Espazo Natural de Interese Local co obxectivo de alargar a súa protección e valorización ambiental.

13.2.(92). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. Rogamos que o goberno local recoñeza o impacto dos peregrinos que percorren o camiño portugués pola costa na auxe do turismo internacional en Vigo, permitindo dunha vez por todas a sinalización do Camiño de Santiago o seu paso pola nosa cidade..



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 22 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

14.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

14.1.(93). Pregunta formulada pola concelleira do BNG, Sra. Martinez Piñeiro. ¿Quen encargou, deseñou e financia, e con que custe, a campaña “Móvete en Vigo, mellor en Vitrasa” na que consta o logotipo do Concello de Vigo, con insercións publicitarias en diferentes soportes (MUPI, flota de autobuses, anuncios en medios de comunicación)?

14.2.(94). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martin Peña. ¿ Por qué este goberno local négase a contestar á solicitude de información pública rexistrada por este grupo municipal relativa as denuncias presentadas polos funcionarios do servizo de bombeiros ao respecto da falta de persoal e o incumplimento dos servizos mínimos, logo de que hai xa unha resolución expresa da Comisión de Transparencia de Galicia que lle obriga a facelo?.

ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario maio 2024
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Lunes, 27 de Mayo de 2024 09:06:21
Fecha Fin : Lunes, 27 de Mayo de 2024 11:33:56
Duración : 02:27:35

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3448

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 1.8 GiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/0oXxLsd3lPLArewArhrhcosAgM70hze8R6h4CubIWBCxxVqr.wmv>
SHA512 - f11d7b9ee32075f50ebfb362f4d03dc222413903d8cc14081ec6b5b26de1383cfff10ac01816a1a8aa0d8d634fed38a5441c176919fa0a9cae55cd2ebd8a8aa7

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 755 MiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/wmeCuKrC0cIJOUVRrXLuh0cp2rwZmGm25tk21B9bWGsY1DWE.mp4>
SHA512 - d1c6c803b76965ee847fe271a95bfa0722eb173bc14abf345f36fdddf290e2075e95683bd56394329183078f8d278b5e904a3d69170c1e376fc9b71db9fb920f

- Minutaje

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 23 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel, Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.

- 00:05:04 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:05:48 - 3 Minutos de silencio en memoria do bombeiro falecido Sergio Salnés

- 00:08:50 : 1. Actas anteriores: Ordinaria do 29 de abril e extraordinaria do 13 de maio de 2024.
- 00:09:10 : 2. Toma de posesión do concelleiro electo D. Daniel Benavides Alonso (Expte. Pleno 4416/1101)
- 00:09:53 : 3. Dar conta do informe resumo dos resultados do control interno do exercicio 2023. Expte. 102990/140 (Expte. Pleno 4401/1101).
- 00:10:05 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:15:07 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:15:16 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:20:11 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:20:19 - García González, Patricia
- 00:25:17 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:25:25 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:28:27 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:28:53 - Minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia machista

- 00:29:56 : 4. Moción do grupo municipal do BNG, para amosar o rexeitamento do Pleno ao proxecto de construción dunha macrofactoría de pasta de celulosa de ALTRI en Palas de Rei. Expte. Pleno 4428/1101.
- 00:30:13 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:35:14 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:35:23 - Martín Peña, José Miguel
- 00:40:12 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:40:22 - López Font, Carlos
- 00:45:20 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:45:27 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:48:35 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:48:48 - Votación [9:55:09]

- 00:49:13 : 5. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional á inversión necesaria para garantir prazas na educación pública, de calidade e de proximidade na cidade de Vigo. Expte. Pleno 4430/1101.
- 00:49:37 - Alonso Suarez, María Olga
- 00:54:35 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:54:44 - Abalde Comesaña, Filipe
- 00:59:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:59:44 - Gonzalez Abeijón, Fernando
- 01:02:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:03:06 - Alonso Suarez, María Olga
- 01:06:07 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:06:20 - Votación [10:12:40]

- 01:06:40 : 6. Moción do grupo municipal Socialista, demandando da Xunta de Galicia que aumente as contías asignadas á cidade de Vigo con cargo ao Fondo de Cooperación Local/Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma. Expte. Pleno 4431/1101.
- 01:07:03 - Aneiros Pereira, Jaime



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 24 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 01:12:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:12:20 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:17:16 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:17:26 - Garrido Valenzuela, Irene
- 01:22:11 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:22:20 - Aneiros Pereira, Jaime
- 01:25:21 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:25:37 - Votación [10:31:58]

- 01:25:58 : 7. Moción do grupo municipal Socialista, instando ao goberno da Xunta de Galicia a aprobar, con carácter urxente, a ampliación do recinto feiral do IFEVI de Vigo. Expte. Pleno 4432/1101.
- 01:26:13 - López Font, Carlos
- 01:31:13 - Espinosa Mangana, Elena
- 01:31:23 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:36:54 - Espinosa Mangana, Elena
- 01:37:10 - Martín Peña, José Miguel
- 01:42:04 - Espinosa Mangana, Elena
- 01:42:11 - López Font, Carlos
- 01:45:21 - Espinosa Mangana, Elena
- 01:45:29 - Votación [10:51:51]

- 01:46:06 : 8. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a incrementar o investimento per cápita en materia de dependencia e o número de prazas públicas de centros de atención residencial, de centros de día, e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 4433/1101.
- 01:46:26 - Aguiar Castro, Yolanda
- 01:51:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:51:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:51:28 - Martínez Piñeiro, Ana
- 01:56:08 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:56:19 - Abalde Comesaña, Filipe
- 02:00:46 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:00:52 - Aguiar Castro, Yolanda
- 02:03:40 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:04:00 - Votación [11:10:21]

- 02:04:25 : 9. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a non cobertura de persoal público no Concello por falla de dotación orzamentaria. Expte. 4429/1101.
- 02:04:39 - García González, Patricia
- 02:09:27 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:09:36 - Pérez Iglesias, Xabier
- 02:14:39 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:14:49 - Rodríguez Calviño, Patricia
- 02:19:47 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:20:03 - García González, Patricia
- 02:22:43 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:23:16 - Votación [11:29:37]

- 02:23:37 : 10. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 22.04.2024, de delegación no concelleiro de Cultura, baixo a dirección da Primeira Tenente de Alcalde, as atribucións que sexan precisas para a adquisición e instalación dunha escultura na memoria e tributo do escritor Domingo Villar Vázquez. Expte. 1134/1102 (Expte. Pleno 4397/1101).

- 02:24:02 : 11. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 23/04/24 e o 20/05/24, incluídas no expediente 1679/1102.(Expte. Pleno 4426/1101)

- 02:24:13 : 12. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 23/04/24 e o 20/05/24,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 25 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

incluídas no expediente .1680/1102.(Expte. Pleno 4427/1101).

02:24:34 : 13. Formulación de rogos.
02:24:41 - Abalde Comesaña, Filipe
02:25:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:25:13 - Martín Peña, José Miguel

02:25:48 : 14. Formulación de preguntas.
02:25:54 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:26:44 - Martín Peña, José Miguel
02:27:08 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás once horas e trinta e tres minutos (11:33) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 10/2024, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2024.
am.

A PRESIDENCIA
Elena Espinosa Mangana
Javier Pardo Espiñeira
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:11	Páxina 26 de 26
4473-1101	CSV: AAAE52-21DEB9-2B5B57-QAH9FL-1HKEDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		